

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

### **GONDOMAR**

#### **Ordenanzas e Regulamentos**

*APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA EXPEDICIÓN DAS TARXETAS DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS AUTOMÓVILES PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE QUE PRESENTEN MOBILIDADE REDUCIDA*

#### *ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA*

Ordenanza Municipal Reguladora da expedición das tarxetas de estacionamento de vehículos automóbiles para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida

O Pleno do Concello de Gondomar, en sesión ordinaria de data 01.03.2018, acordou aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da Ordenanza municipal reguladora da expedición das tarxetas de estacionamento de vehículos automóbiles para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida, unha vez resoltas as reclamacións presentadas e incorporadas á esta ordenanza as modificacións derivadas das reclamacións estimadas, o que se fai público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

#### **“ORDENANZA MUNICIPAL DO CONCELLO DE GONDOMAR REGULADORA DA EXPEDICIÓN DAS TARXETAS DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS AUTOMÓVILES PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE QUE PRESENTEN MOBILIDADE REDUCIDA**

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

A Constitución Española, no seu artigo 9.2, establece que os poderes públicos promoverán as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, removerán os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitarán a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social. Por outra parte, no seu artigo 49 establécese que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, aos que lles prestarán a atención especializada que requiran e aos que ampararán especialmente para o gozo dos dereitos que o título I lles outorga a todos os cidadáns. Así mesmo, o artigo 4.2 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelles aos poderes públicos de Galicia a promoción das condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.



Martes, 20 de marzo de 2018

Núm. 56

Co obxecto de acadar unha maior igualdade e unha mellora na calidade de vida das persoas con discapacidade, o Concello de Gondomar, aprobou mediante Resolución de Alcaldía de data 20 de agosto de 2012, número 1012, para a aprobación da documentación que será requirida as persoas interesadas e que necesariamente terán que achegar coa solicitude da tarxeta de estacionamento para discapacitados. Dende entón, a regulación das tarxetas de estacionamento sufriu cambios que viñeron marcados pola aprobación de nova normativa estatal e autonómica, entre as que se encontran o Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral dos dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social; o Real decreto 1056/2014, do 12 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas de emisión e uso do cartón de estacionamento para persoas con discapacidade; e a nivel autonómico o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

A finalidade da presente Ordenanza é establecer unha regulación municipal acorde coa normativa actual e fundamentalmente trazar os requisitos e procedemento para a expedición da tarxeta de estacionamento de vehículos automóbiles para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida.

### *Artigo 1. OBXECTO*

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación a nivel municipal da expedición da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida, coa finalidade de favorecer o uso dos transportes privados por persoas con problemas de mobilidade e para que o seu titular poida gozar de facilidades de estacionamento.

### *Artigo 2. DEFINICIÓNS*

A tarxeta de estacionamento de vehículos para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida, é un documento público acreditativo do dereito das persoas que cumpran os requisitos previstos nesta Ordenanza e na normativa reguladora para estacionar os vehículos en que se despracen, o máis preto posible do lugar de acceso ou de destino.

### *Artigo 3. COMPETENCIAS*

1.—O Alcalde-presidente será o órgano competente para a concesión das tarxetas de estacionamento, das reservas de prazas e para o exercicio da potestade sancionadora neste ámbito, que poderá delegar nun concelleiro.

2.—As tarefas de vixilancia e control da autorización das tarxetas e das reservas de estacionamentos correspóndelle á Policía Local.



*Artigo 4. ÁMBITO TERRITORIAL DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO*

As tarxetas de estacionamento de vehículos para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida concedidas por este Concello, terán validez en todo o territorio español sen prexuízo da súa utilización nos Estados membros da Unión Europea, nos termos que os respectivos órganos competentes teñan establecido en materia de ordenación e circulación de vehículos.

*Artigo 5. BENEFICIARIOS*

1. Poderán obter a tarxeta de estacionamento aquelas persoas físicas empadroadas no Concello de Gondomar que teñan recoñecida oficialmente a condición de persoa con discapacidade e se atopen nalgunha das seguintes situacións:

a) Que presenten mobilidade reducida, conforme ao anexo II do Real Decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, ditaminada polos equipos multiprofesionais de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade.

b) Que mostren no mellor ollo unha agudeza visual igual ou inferior ao 0,1 con corrección, ou un campo visual reducido a 10 graos ou menos, ditaminada polos equipos multiprofesionais de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade.

2. Tamén poderán obter a tarxeta de estacionamento as persoas físicas ou xurídicas que teñan o seu domicilio social no territorio municipal de Gondomar e sexan titulares de vehículos destinados exclusivamente ao transporte colectivo de persoas con discapacidade que presten servizos sociais de promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia a que se refire a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como os servizos sociais aos que se refire o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado por Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro.

*Artigo 6. CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PROVISIONAL*

1. Atendendo a razóns humanitarias, excepcionalmente concederáse unha tarxeta de estacionamento de carácter provisional de vehículos automóbiles ás persoas que presenten mobilidade reducida, aínda que esta non fose ditaminada oficialmente, por causa dunha enfermidade ou patoloxía e que razoablemente non permita tramitar en tempo a solicitude ordinaria da tarxeta de estacionamento.

2. Para a súa obtención, a acreditación dos extremos enunciados no parágrafo anterior efectuarase mediante a emisión do correspondente certificado médico oficial polo persoal médico facultativo dos servizos públicos de saúde.



Martes, 20 de marzo de 2018

Núm. 56

3. Aos titulares desta tarxeta de estacionamento provisional seranlles de aplicación os dereitos, obrigacións e condicións de uso regulados nesta norma, durante o tempo que dure a súa concesión.

4. A solicitude farase conforme ao ANEXO II que acompaña a esta Ordenanza, e a documentación que se achegará será a determinada no mesmo.

5. A concesión da tarxeta de estacionamento provisional terá unha duración equivalente á reflectida no certificado de discapacidade cando este sexa temporal, e no caso de non telo si que será dun ano, podendo prorrogarse en todo caso ata que sexa emitido informe definitivo polo EVO da Xunta de Galicia, sempre que se manteñan as condicións iniciais requiridas para o seu outorgamento.

6. O Concello adecuarase para a expedición desta tarxeta aos criterios que no seu caso se fixen a través dos órganos de coordinación entre o Estado e as comunidades autónomas existentes.

### Artigo 7. SOLICITUDES

Presentaranse conforme modelo oficial ANEXO I para solicitude de tarxeta definitiva e ANEXO II para tarxeta provisional acompañando a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI compulsada.
- Credencial de representación e fotocopia do DNI compulsada do representante legal, no seu caso.
- Unha fotografía tamaño carné da persoa titular.
- Certificado de empadramento.
- Fotocopia compulsada do libro de familia (para o caso de menores de idade).

No caso de tarxeta definitiva, ANEXO I, presentarán:

- Certificado de discapacidade expedido polos equipos de valoración e orientación da Xunta de Galicia (orixinal ou copia compulsada).

No caso de tarxeta provisional, ANEXO II, presentarán:

- Solicitude para a valoración do grao de discapacidade e de mobilidade presentada ante equipos de valoración e orientación da Xunta de Galicia (orixinal ou copia compulsada).
- Certificado médico oficial expedido por persoal médico facultativo dos servizos públicos de saúde que recoñeza que a persoa discapacitada presenta algunha das situacións recollidas no artigo 5 da presente Ordenanza.

No caso de solicitudes formuladas por persoas físicas ou xurídicas titulares de vehículos destinados exclusivamente ao transporte colectivo, ANEXO III, presentarán exclusivamente a seguinte documentación:

- Fotocopia do CIF/NIF compulsada da persoa física ou xurídica.



Martes, 20 de marzo de 2018

Núm. 56

- Relación de matrículas dos vehículos dedicados ao transporte de persoas con mobilidade reducida e fotocopia compulsada do permiso de circulación así como da ficha técnica de cada un dos vehículos.
- Documento que acredite que o seu domicilio social atópase neste municipio.
- Xustificante de pagamento da taxa correspondente, no caso de existir ordenanza fiscal que regule tal concepto.

#### *Artigo 8. PROCEDIMENTO PARA A EXPEDICIÓN DAS TARXETAS*

O expediente iniciarase a instancia de parte. Cubrirase a solicitude no modelo oficial normalizado. Unha vez presentada a solicitude no Rexistro xeral do Concello ou nas demais formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común coa documentación pertinente, remitirase á Area de Benestar Social para a emisión do informe-proposta correspondente, e á Xefatura da Policía Local de Gondomar, que resolverá sobre a solicitude, notificándoo á persoa interesada no prazo máximo de un mes, a partir da data de que a solicitude da tarxeta tivera entrada no Rexistro xeral do Concello.

No caso de cambio de enderezo do beneficiario dunha tarxeta de accesibilidade deberá solicitar o traslado do expediente ao novo municipio de residencia.

No caso de concedérselle a tarxeta, na notificación de entrega ao interesado recollerase un resumo das condicións e obrigas da súa utilización.

#### *Artigo 9. CARACTERÍSTICAS*

As características físicas en canto a contido, formato, deseño e medidas da tarxeta de accesibilidade para persoas con mobilidade reducida son as establecidas no anexo III do Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei 8/1997; sen prexuízo de que no caso de que nun futuro exista un novo modelo establecido pola normativa, se adapte a esta.

O modelo de tarxeta provisional recolle xunto a data de validez a palabra: PROVISIONAL.

#### *Artigo 10. VALIDEZ E CADUCIDADE*

A validez da tarxeta ven especificada na mesma. O prazo de validez para as tarxetas definitivas fixarase en 10 anos e para as tarxetas provisionais fixarase en 1 ano, a contar desde a data do acordo de concesión da tarxeta sempre que o ditame determine a existencia dunha mobilidade reducida con carácter permanente.

Cando a mobilidade reducida sexa de carácter temporal, a validez da tarxeta está marcada polo prazo daquela.

Calquera variación das condicións que deron orixe á expedición da tarxeta deberá ser comunicada á Policía Local, no prazo máximo de un mes; de non ser así, o Concello poderá anular a súa vixencia.



*Artigo 11. RENOVACIÓN*

1. Para a renovación seguirase o mesmo procedemento que para a concesión inicial e solicitarase a través do formulario correspondente facendo constar que trátase dunha renovación. A presentación da solicitude antes de que finalice o prazo de validez da mesma prórroga a validez da emitida anteriormente ata a resolución do procedemento. No caso de que a solicitude se presente dentro dos 90 días naturais posteriores á data en que finalizase a vixencia da última tarxeta emitida, entenderase que subsiste dita vixencia ata a resolución do correspondente procedemento de renovación.

En todo caso, para renovar a tarxeta é imprescindible que o titular manteña os requisitos esixidos para o seu outorgamento.

A entrega da nova tarxeta require que o interesado deposite na Xefatura da Policía Local a tarxeta caducada. A nova tarxeta deberá levar o mesmo número que a anterior.

2. A renovación da tarxeta pode producirse por subtracción, deterioro ou perda. No caso de subtracción, esixirá que por parte do interesado se presente xustificación da denuncia. No caso de deterioro o interesado presentará a tarxeta deteriorada. No caso de perda, o interesado presentará unha declaración xurada na que expoña os feitos.

O Concello emitirá nova tarxeta coa mesma data de caducidade que a anterior.

En calquera caso, a persoa interesada só poderá ter no seu poder unha tarxeta. No suposto de recuperar a tarxeta subtraída ou perdida está obrigada a poñelo en coñecemento da Policía Local e a entregar a non válida.

*Artigo 12. CANCELACIÓN*

No suposto de incumprimento das condicións de uso, previamente constatado por axentes policiais ou da autoridade competente poderá producirse a cancelación do uso da tarxeta a través do pertinente procedemento.

A cancelación da tarxeta poderá ser temporal ou definitiva. A cancelación de carácter temporal terá unha duración de dous anos. A primeira vez que se constate no procedemento instruído para o efecto o uso indebido da tarxeta de estacionamento, procederá a cancelación de carácter temporal durante seis meses e por un período de dous anos na segunda. Procederá a cancelación definitiva cando no procedemento contradictorio instruído para o efecto, quede acreditado o uso indebido ou o incumprimento das condicións de uso da tarxeta de estacionamento.

No expediente de cancelación darase audiencia ao interesado por prazo de dez días, para que poida presentar os documentos e efectuar as alegacións que estime conveniente. Emitiranse os informes que sexan necesarios e se estimen idóneos para a resolución do expediente de cancelación.



*Artigo 13. DEREITOS DA PERSOA TITULAR DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO*

1. Os titulares da tarxeta de estacionamento terán os seguintes dereitos en todo o territorio nacional sempre e cando exhiban de forma visible a tarxeta no interior do vehículo:

a) Reserva de praza de aparcadoiro, previa a oportuna solicitude e xustificación da necesidade, de acordo coa normativa autonómica e estatal de accesibilidade, en lugar próximo ao domicilio ou posto de traballo. A praza deberá sinalizarse co símbolo internacional de accesibilidade.

b) Estacionamento nos lugares habilitados para as persoas con discapacidade.

c) Estacionamento nas zonas de aparcadoiro de tempo limitado (Zona Azul) durante o tempo máximo establecido de 8 horas. Aos efectos adaptárase a normativa local vixente sobre o estacionamento regulado.

d) Parada ou estacionamento nas zonas reservadas para carga e descarga, nos termos establecidos polo Administración, sendo o tempo máximo establecido de 30 minutos, sempre que non ocasionen prexuízos aos peóns ou ao tráfico.

e) Parada en calquera lugar da vía, por motivos xustificadas e polo tempo indispensable, sempre que non se ocasionen prexuízos aos peóns ou ao tráfico e de acordo coas instrucións dos axentes da autoridade.

f) Acceso ás vías, áreas ou espazos urbanos con circulación restrinxida a residentes sempre que o destino se encontre no interior desa zona.

2. Cando o titular da tarxeta sexa unha persoa física poderá utilizala en calquera vehículo en que se traslade, sexa ou non da súa propiedade e sexa o titular da tarxeta o condutor do vehículo ou non. Cando a titular da tarxeta sexa unha persoa xurídica deberá incluír a, ou, as matrículas dos vehículos habilitados para transportar ás persoas con graves problemas de mobilidade. Cando se faga uso dous dereitos que confire esta tarxeta, esta colocárase nun lugar visible do vehículo.

3. A posesión da tarxeta de estacionamento en ningún caso supoñerá autorización para estacionar en zonas e pasos peonís, nos lugares e supostos en que estea prohibido parar, lugares que obstrúan vados ou saídas de emerxencia, zonas acoutadas por razóns de seguridade pública e espazos que reduzan carrís de circulación.

*Artigo 14. OBRIGAS DOS TITULARES DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO*

A titularidade da tarxeta de estacionamento obriga:

a) A súa correcta utilización conforme as normas de utilización previstas nesta Ordenanza.

b) Colocar a tarxeta de estacionamento no cadro de mandos do vehículo ou adherida ao parabrisas dianteiro polo interior, sempre co documento orixinal, de forma que resulte claramente visible e lexible o seu anverso dende o exterior.



Martes, 20 de marzo de 2018

Núm. 56

c) Identificarse cando así llo requira un axente da autoridade, acreditando a súa identidade co Documento Nacional de Identidade, Número de Identificación Fiscal, tarxeta de residencia ou calquera outro documento oficial identificativo, sen o cal non poderá facer uso da tarxeta de estacionamento. Os menores de 14 anos poderán acreditar a súa identidade mediante a exhibición do documento de recoñecemento de grao de discapacidade.

d) Colaborar cos axentes da autoridade para evitar, no maior grao posible, os problemas de tráfico que puidesen ocasionar ao exercitar os dereitos que lles confire a utilización da tarxeta de estacionamento.

e) Devolver a tarxeta de estacionamento caducada no momento da renovación ou ao remate da súa vixencia.

f) Comunicar o departamento de tráfico do concello onde se expediu a tarxeta dos cambios de domicilio e cantas variacións nos datos consignados na solicitude prodúzanse durante o prazo de validez da tarxeta.

2. O incumprimento destas obrigas poderá dar lugar á cancelación da tarxeta de estacionamento ou á súa retirada temporal, sen prexuízo das sancións previstas polo ordenamento xurídico.

3. Con todo, a utilización fraudulenta da tarxeta de estacionamento, tanto por persoas físicas como por persoas xurídicas, dará lugar á súa cancelación, sen prexuízo das sancións previstas polo ordenamento xurídico.

4. No caso de falecemento do titular, os familiares están obrigados a comunicarllo á Policía Local e a devolverlle a tarxeta de estacionamento.

5. O uso da tarxeta de estacionamento está subordinado a que o seu titular manteña os requisitos esixidos para o seu outorgamento.

6. Os axentes da Policía Local poderán proceder á retirada das tarxetas falsas ou caducadas, así como nos demais casos de uso fraudulento ou indebido das mesmas, sen prexuízo das responsabilidades administrativas, civís ou penais, que puidesen derivarse.

7. De se detectar un uso fraudulento ou abusivo dunha tarxeta de estacionamento para persoa con mobilidade reducida expedida noutro municipio, esta poderá ser retirada preventivamente e será enviada, xunto co informe que proceda ao Concello expedidor para constancia dos feitos e, se procedese, á apertura do correspondente expediente aclaratorio e/ou sancionador ou de cancelación da tarxeta. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades administrativas, civís ou penais, que puidesen derivarse desta actuación.

### *Artigo 15. INFRACCIÓNS*

As accións ou omisións que contraveñan o establecido nesta Ordenanza, constituíran infracción e serán sancionadas axeitadamente.

As infraccións poderán ser leves, graves o moi graves.





Martes, 20 de marzo de 2018

Núm. 56

Considéranse infraccións leves as seguintes:

- Deixar de comunicar á Policía Local o cambio de domicilio.
- Non situar axeitadamente a tarxeta para ser facilmente visible ao seu anverso desde o exterior do vehículo.
- Exceder o tempo máximo establecido para o uso dos estacionamentos asignados.
- Utilizar unha tarxeta caducada.

Considéranse infraccións graves as seguintes:

- Deixar de comunicar a modificación das circunstancias persoais do titular da tarxeta, cando a variación supoña unha mellora da súa mobilidade.
- Incumprimento de calquera das obrigas dispostas no artigo 14 da presente Ordenanza.
- Reiteración de tres ou máis faltas leves en 1 ano .

Considéranse infraccións moi graves:

- Utilizar unha tarxeta manipulada, falsificada ou anulada.
- Ceder a tarxeta a persoa non titular da mesma para o seu uso en estacionamento reservado.
- Reiteración por terceira vez de faltas graves en 1 ano .

As infraccións leves prescribirán aos 3 meses, as graves e as moi graves aos 6 meses. Contando o prazo desde a data de comisión da infracción.

A prescrición interrómpese por calquera actuación administrativa da que teña coñecemento ou denunciado ou encamiñada a pescudar a súa identidade ou domicilio e sexa practicada con proxección externa á dependencia na que se orixine. Tamén interrómpese pola notificación efectuada por axentes da autoridade.

A prescrición continúa cando o procedemento paráízase durante máis de 1 mes por causas non imputables á persoa denunciada.

De non haber recaído resolución sancionadora transcorrido un ano desde a iniciación do procedemento, producirase a súa caducidade e procederase ao arquivo das actuacións, farase a solicitude de calquera persoa interesada ou de oficio polo órgano competente para ditar resolución.

#### *Art. 16. SANCIONES*

As infraccións consideradas como leves serán sancionadas con multa de ata 100 euros.

As infraccións consideradas como graves poderán ser sancionadas con multas de ata 200 euros e/ou a retirada da tarxeta de estacionamento por un período de 6 meses.



As infraccións consideradas como faltas moi graves poderán ser sancionadas con multas de ata 500 euros e/ou a revogación indefinida da tarxeta.

O policía denunciante informará dos feitos denunciados e das cuestións puntuais acaecidas para graduar a sanción.

Para a determinación da cantidade económica das sancións atenderase á gravidade e transcendencia do feito, aos antecedentes do infractor nesta materia e a súa condición de reincidente, ao prexuízo causado, directa ou indirectamente, e ao criterio de proporcionalidade.

O prazo de prescrición das sancións será de catro anos, computados desde a data seguinte á firmeza da resolución sancionadora.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento de execución, continuando o prazo no caso de que se paralizara durante máis de un mes por causa non imputable á persoa infractora.

#### *Art. 17. PROCEDIMIENTO SANCIONADOR*

As sancións imporanse por resolución do Alcalde-presidente ou concelleiro-delegado correspondente, tendo en conta o establecido nesta Ordenanza e o establecido na Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, as modificacións e regulamentos que o desenvolven e, con carácter subsidiario as normas sobre procedemento sancionador da Lei de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, as súas posteriores modificacións e o seu desenvolvemento regulamentario.

#### *Artigo 18. PROTECCIÓN DE DATOS*

O ficheiro que se empregue para a xestión dos procedementos recollidos nesta Ordenanza deberán cumprir as medidas de seguridade recollidas na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

#### *DISPOSICIÓN TRANSITORIA*

As tarxetas de estacionamento provisionais, emitidas con anterioridade á normativa aplicable á entrada en vigor desta Ordenanza, manterán a súa validez ata a data de vencemento prevista no documento orixinal de expedición. Por outra parte, as tarxetas de estacionamento definitivas, emitidas sen data de caducidade con anterioridade á entrada en vigor desta Ordenanza, perderán a súa vixencia e deberán ser renovadas aos 10 anos da súa expedición.

#### *DISPOSICIÓN DERROGATORIA*

Queda derogada a Resolución de Alcaldía de data 20/08/2012, n.º 1012.



Martes, 20 de marzo de 2018

Núm. 56

*DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA*

En todo o non previsto nesta Ordenanza será de aplicación o establecido na normativa estatal e autonómica vixente aplicable ás tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida.

*DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA*

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez fora publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P), e transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85, sendo de aplicación a partir dese día ata a súa derogación ou modificación expresa.”

Contra o presente Acordo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.


Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA QUE SE CONSIGNA NA MARXE





Martes, 20 de marzo de 2018

Núm. 56

<p><b>CONCELLO DE GONDOMAR</b></p>  <p><b>POLICÍA LOCAL</b></p>	<b>IMPRESO DE SOLICITUDE</b>	
	<p><b>TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALÍA</b></p>	<p><b>ANEXO I TARXETA PERSOAL DEFINITVA</b></p>

<b>SOLICITANTE</b>	DNI ou CIF	Nome e apelidos ou Razón Social					Teléfono	Fax
	Rúa/Praza/Barrio...	Número	Portal	Escaleira	Piso	Porta	Cód. Postal	
	Parroquia	Municipio	Provincia		Correo electrónico			

<b>REPRESENTANTE</b>	DNI	Nome e apelidos					Teléfono	Fax
	Rúa/Praza/Barrio...	Número	Portal	Escaleira	Piso	Porta	Cód. Postal	
	Parroquia	Municipio	Provincia		Correo electrónico			

<b>SOLICITA</b>	Tarxeta de Estacionamento definitiva para persoas con minusvalía
	<p> Primeira solicitude</p> <p> Renovación tarxeta núm. _____</p>

Para o cal achega:

- Certificado de discapacidade expedido polo equipo de valoración e orientación (EVO) da Xunta de Galicia (orixinal ou copia compulsada)
- 1 fotografía tamaño carné da persoa titular
- Fotocopia do DNI compulsada
- Certificado de empadramento
- Credencial de representación e fotocopia do DNI compulsada do representante legal, de ser o caso
- Fotocopia compulsada do libro de familia (para o caso de menores de idade)
- Xustificante de pagamento da taxa correspondente, no caso de existir ordenanza fiscal que regule tal concepto

**O interesado autoriza a consulta dos datos facilitados para a súa comprobación nas bases de datos que obran na Administración.**

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura

AO ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE GONDOMAR



Martes, 20 de marzo de 2018

Núm. 56

En cumprimento do artigo 5 da Lei 15/1999, polo que se regula o dereito de información, infórmase de que os datos persoais que Vd. facilita sobre a súa persoa e outros membros da súa unidade familiar neste Servizo de Benestar Social incorporáranse a ficheiros debidamente inscritos na AEPD, cuxo responsable é o Concello de Gondomar coas seguintes finalidades:

- Traballo Social e educación familiar.
- Xestión de Axudas Sociais: tramitación, concesión e publicidade do proceso
- Solicitudes por Emerxencia Social, tramitación e concesión.
- Tramitacións administrativas.

Así mesmo, informámoslle de que os datos aos que se refire este punto poderán ser cedidos a outras Administracións Públicas con competencias na materia: Xunta de Galicia, Deputación Provincial, Centros de saúde, Centro educativo do menor. Así como a aquelas outras entidades determinadas por norma con rango de Lei para o adecuado cumprimento das obrigacións a que vén suxeita esta administración pública ou fosen demandadas por Xuíces e Tribunais.


Vd. é o único responsable da veracidade e corrección dos datos que nos facilita e o Concello de Gondomar adoptará as medidas de seguridade, técnicas, organizativas e legais necesarias para protexer os seus datos persoais que será tratados coa máxima confidencialidade exclusivamente polo persoal técnico do servizo de Benestar Social. Póñense a disposición dos interesados os formularios para poder exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos persoais na dirección do Concello de Gondomar en, Praza latino Salgueiro nº 1, 36380 Gondomar (Pontevedra) ou en [lopdp@concellodegondomar.com](mailto:lopdp@concellodegondomar.com) achegando en ambos os casos copia do seu DNI para verificar a titularidade dos seus datos. Solicitamos o consentimento expreso para o tratamento dos datos especialmente protexidos referidos a saúde e a súa posible cesión en caso de urxencia médica ou social mediante a súa firma:

Firma do interesado ou do seu repreesentante legal



Martes, 20 de marzo de 2018

Núm. 56

<p><b>CONCELLO DE GONDOMAR</b></p>  <p><b>POLICÍA LOCAL</b></p>	<b>IMPRESO DE SOLICITUDE</b>	
	<p><b>TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALÍA</b></p>	<p><b>ANEXO II TARXETA PERSOAL PROVISIONAL</b></p>

<b>SOLICITANTE</b>	DNI ou CIF	Nome e apelidos ou Razón Social				Teléfono		Fax
	Rúa/Praza/Barrio...	Número	Portal	Escaleira	Piso	Porta	Cód. Postal	
	Parroquia	Municipio	Provincia		Correo electrónico			

<b>REPRESENTANTE</b>	DNI	Nome e apelidos				Teléfono		Fax
	Rúa/Praza/Barrio...	Número	Portal	Escaleira	Piso	Porta	Cód. Postal	
	Parroquia	Municipio	Provincia		Correo electrónico			

<b>SOLICITA</b>	Tarxeta de Estacionamento provisional para persoas con minusvalía
	<p><input type="checkbox"/> Primeira solicitude</p> <p><input type="checkbox"/> Renovación tarxeta núm. _____</p>

Para o cal achega:

- Certificado médico oficial expedido por médico facultativo do servizo publico de saúde recoñecendo algunha das situacións de discapacidade recollidas no art. 5 da Ordenanza municipal reguladora das tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade que presentan mobilidade reducida.
- 1 fotografía tamaño carné da persoa titular
- Fotocopia do DNI compulsada
- Certificado de empadramento
- Credencial de representación e fotocopia do DNI compulsada do representante legal, de ser o caso
- Fotocopia compulsada do Libro de Familia (para o caso de menores de idade)
- Solicitude para a valoración do grado de discapacidade e de mobilidade presentada ante equipos de valoración e orientación (EVO) da Xunta de Galicia
- Xustificante de pagamento da taxa correspondente, no caso de existir ordenanza fiscal que regule tal concepto

**O interesado autoriza a consulta dos datos facilitados para a súa comprobación nas bases de datos que obran na Administración.**

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura

AO ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE GONDOMAR



En cumprimento do artigo 5 da Lei 15/1999, polo que se regula o dereito de información, infórmase de que os datos persoais que Vd. facilita sobre a súa persoa e outros membros da súa unidade familiar neste Servizo de Benestar Social incorporáranse a ficheiros debidamente inscritos na AEPD, cuxo responsable é o Concello de Gondomar coas seguintes finalidades:

- Traballo Social e educación familiar.
- Xestión de Axudas Sociais: tramitación, concesión e publicidade do proceso
- Solicitudes por Emerxencia Social, tramitación e concesión.
- Tramitacións administrativas.

Así mesmo, informámoslle de que os datos aos que se refire este punto poderán ser cedidos a outras Administracións Públicas con competencias na materia: Xunta de Galicia, Deputación Provincial, Centros de saúde, Centro educativo do menor. Así como a aquelas outras entidades determinadas por norma con rango de Lei para o adecuado cumprimento das obrigacións a que vén suxeita esta administración pública ou fosen demandadas por Xuíces e Tribunais.


Vd. é o único responsable da veracidade e corrección dos datos que nos facilita e o Concello de Gondomar adoptará as medidas de seguridade, técnicas, organizativas e legais necesarias para protexer os seus datos persoais que será tratados coa máxima confidencialidade exclusivamente polo persoal técnico do servizo de Benestar Social. Póñense a disposición dos interesados os formularios para poder exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos persoais na dirección do Concello de Gondomar en, Praza Latino Salgueiro nº 1, 36380 Gondomar (Pontevedra) ou en [lopdc@concellodegondomar.com](mailto:lopdc@concellodegondomar.com) achegando en ambos os casos copia do seu DNI para verificar a titularidade dos seus datos. Solicitamos o consentimento expreso para o tratamento dos datos especialmente protexidos referidos a saúde e a súa posible cesión en caso de urxencia médica ou social mediante a súa firma:

Firma do interesado ou do seu repreesentante legal



Martes, 20 de marzo de 2018



Núm. 56

<p><b>CONCELLO DE GONDOMAR</b></p>  <p><b>POLICÍA LOCAL</b></p>	<b>IMPRESO DE SOLICITUDE</b>	
	<p><b>TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALÍA</b></p>	<p><b>ANEXO III TRANSPORTE COLECTIVO</b></p>

<b>SOLICITANTE</b>	DNI ou CIF	Nome e apelidos ou Razón Social				Teléfono		Fax
	Rúa/Praza/Barrio...	Número	Portal	Escaleira	Piso	Porta	Cód. Postal	
	Parroquia	Municipio	Provincia		Correo electrónico			

<b>REPRESENTANTE</b>	DNI	Nome e apelidos				Teléfono		Fax
	Rúa/Praza/Barrio...	Número	Portal	Escaleira	Piso	Porta	Cód. Postal	
	Parroquia	Municipio	Provincia		Correo electrónico			

<b>TRANSPORTE</b>	Relación de matrícula/s de vehículo/s destinado/s ao transporte de persoas con mobilidade reducida

<b>SOLICITA</b>	Tarxeta de Estacionamento colectiva para persoas con minusvalía
	<p> Primeira solicitude</p> <p> Renovación tarxeta núm. _____</p>

Para o cal achega:

- Fotocopia do CIF/NIF da persoa física ou xurídica compulsada
- Credencial da representación e fotocopia do DNI compulsada do representante legal, de ser o caso
- Fotocopia compulsada do permiso de circulación e ficha técnica de cada vehículo
- Documento que acredite que o seu domicilio social atópase neste municipio
- Xustificante de pagamento da taxa correspondente, no caso de existir ordenanza fiscal que regule tal concepto

**O interesado autoriza a consulta dos datos facilitados para a súa comprobación nas bases de datos que obran na Administración.**

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura

AO ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE GONDOMAR





Martes, 20 de marzo de 2018

Núm. 56

En cumprimento do artigo 5 da Lei 15/1999, polo que se regula o dereito de información, infórmase de que os datos persoais que Vd. facilita sobre a súa persoa e outros membros da súa unidade familiar neste Servizo de Benestar Social incorporáranse a ficheiros debidamente inscritos na AEPD, cuxo responsable é o Concello de Gondomar coas seguintes finalidades:

- Traballo Social e educación familiar.
- Xestión de Axudas Sociais: tramitación, concesión e publicidade do proceso
- Solicitudes por Emerxencia Social, tramitación e concesión.
- Tramitacións administrativas.

Así mesmo, informámoslle de que os datos aos que se refire este punto poderán ser cedidos a outras Administracións Públicas con competencias na materia: Xunta de Galicia, Deputación Provincial, Centros de saúde, Centro educativo do menor. Así como a aquelas outras entidades determinadas por norma con rango de Lei para o adecuado cumprimento das obrigacións a que vén suxeita esta administración pública ou fosen demandadas por Xuíces e Tribunais.

Vd. é o único responsable da veracidade e corrección dos datos que nos facilita e o Concello de Gondomar adoptará as medidas de seguridade, técnicas, organizativas e legais necesarias para protexer os seus datos persoais que será tratados coa máxima confidencialidade exclusivamente polo persoal técnico do servizo de Benestar Social. Póñense a disposición dos interesados os formularios para poder exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos persoais na dirección do Concello de Gondomar en, Praza latino Salgueiro nº 1, 36380 Gondomar (Pontevedra) ou en [lopd@concellodegondomar.com](mailto:lopd@concellodegondomar.com) achegando en ambos os casos copia do seu DNI para verificar a titularidade dos seus datos.

